

A técnica municipal de normalización lingüística emitiu un informe con data 8 de marzo de 2022 en que transcrito literalmente di así:

“O Pleno do Concello, acordou na sesión de data 28/12/2000 a creación dun Consello Sectorial de Lingua. O Pleno do Concello na súa sesión de data 29/05/2008 aprobou o Regulamento interno de funcionamento do dito Consello, publicado no BOP da Coruña núm. 240, de 17 de outubro de 2008.

Con data 09/07/2009 o Pleno municipal aprobou o Regulamento de Participación Cidadá do Concello de Ferrol, publicado no BOP da Coruña núm. 256 de 12 de decembro de 2009.-----

O Regulamento de Participación Cidadá, regula no seu Título III, os órganos de Participación Cidadá, dedicando o seu Capítulo I aos Consellos Sectoriais, establecendo unhas normas mínimas relativas a aspectos da súa composición, competencias e funcionamento as que deben adaptarse os regulamentos de funcionamento dos distintos Consellos Sectoriais que ten creados o Concello.-----

O Consello Sectorial de Lingua en sesión de data 2 de outubro de 2020 ratificou o texto do seu Regulamento Interno de funcionamento que se propón aprobar para adaptalo ao vixente Regulamento de Participación Cidadá. O texto definitiva do Regulamento interno de funcionamento do Consello Sectorial da Lingua foi publicado no BOP numero 20 de data 1 de febreiro de 2021.-----

Co obxectivo de facilitar a participación dun máximo de 15 entidades e asociacións de Ferrol e de 5 cidadás ou cidadáns, maiores de 16 anos, interesadas a título individual, e de conformidade co artigo 5 do citado regulamento, é necesario abrir un prazo para solicitar formar parte do Consello Sectorial da Lingua.-----

Por todo o exposto,

Propóñolle á concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, o seguinte:-----

Primeiro. Abrir un prazo de 15 días hábiles desde o día seguinte da publicación desta resolución no taboleiro de anuncios da páxina web do Concello de Ferrol para que as entidades cidadás inscritas no Rexistro Sectorial de Entidades Cidadás relacionadas co sector ou co interese da materia obxecto do Consello Sectorial da Lingua, e os cidadáns e cidadás a título individual, maiores de 16 anos, que manifesten interese na materia do Consello, poidan solicitar formar parte do Consello Sectorial da Lingua.-----

Segundo *As entidades que desexen formar parte do Consello Sectorial de Lingua deberán manifestar que ,entre as súas prioridades e obxectivos, está a defensa da lingua e da súa normalización.-----*

Terceiro. *Aprobar a publicación desta convocatoria no Taboleiro de Anuncios e na páxina web (<https://ferrol.gal/Sede/TaboleiroAnuncios>)-----*

En Ferrol, asinado electronicamente na data que figura na parte inferior pola técnica de normalización lingüística ,Beatriz Bascoi Maceiras----- “

Decreto Vista a anterior proposta motivada e a documentación que acompaña o expediente apróboa no seus propios termos.

En Ferrol, asinado electronicamente na data que figura na parte inferior pola concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade e Mocidade, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, Cristina Prados Rubio. (P.D. Resolución da Alcaldía de data 08/07/2019, BOP nº 137 de 22/07/2019), do que eu, Leopoldo Moure García, como secretario xeral dou fe.

Concelleira delegada

Diante miña

O secretario xeral

Leopoldo Moure García